

## Marica Campo recibirá a homenaxe O escritor na súa terra

Escrito por: admin | Febreiro 5, 2013 | Tema: Novas



A tradicional homenaxe O escritor na súa terra que organiza anualmente a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) terá este ano a Marica Campo como protagonista. O Incio acollerá o vindeiro mes de xuño o acto de recoñecemento á poeta e autora de obras como *Tras as portas do rostro*, *Confusión* e *morte de María Balteira* ou *Pedinche* a luz prestada. A AELG recoñeceu tamén co título *Bos e Xenerosos* os autores de humor gráfico Xosé Lois O Carrabouxo, Pepe Carreiro, Xaquín Marín, Siro e Gogue pola súa traxectoria.

A entidade celebrou o pasado sábado a súa asemblea anual en Compostela, na cal tamén se acordou outorgarlle o premio ás institucións ás asociacións culturais que desenvolveron a súa actividade durante o final do franquismo, como *O Galo de Compostela*, *O Facho de A Coruña*, *Auriense de Ourense*, *Lumiera de Carballo* ou *Medulio de Ferrol*. No encontro tamén se acordou a incorporación de Xiana Vega e de Alicia Fernández á directiva da entidade.

Fonte: Culturagalega